



## CURSO 2019-2020 CONVOCATORIA XERAL ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

### 0. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN

A presente convocatoria realízase ao abeiro da Normativa do **Plan de Estudos 2015** (PEEMAO2015), aprobada pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo na súa sesión de 16/04/2015, que debe consultarse en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema016.php> e posteriores modificacións aprobadas na sesión da Xunta Reitora de data 10/12/2015 e na sesión da Xunta de Goberno Local de data 29/04/2016.

As normas alí contidas son de directa aplicación á presente convocatoria.

### A. PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

#### 1. ALUMNADO DE NOVO INGRESO

##### 1. Preinscrición

1. A preinscrición nas prazas ofertadas poderá facerse:
  - **Por internet:** na web-EMAO <http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema020.php> [**opción recomendada**].
  - **Presencial:** na oficina administrativa da EMAO, entregando a tal efecto o impreso de pre-inscrición que se subministra na mesma.
2. O listado de pre-inscritos exporase no taboleiro oficial de anuncios da EMAO (en adiante o Taboleiro) e na web-EMAO. Darase un prazo de un día, para presentar reclamacións ao listado.
3. Rematado ese prazo -no caso de que existan máis solicitudes ca prazas ofertadas- realizaranse probas de acceso para asignar as prazas agás nas especialidades de Pintura e Debuxo, nas que se asignarán por sorteo entre os solicitantes cuxa solicitude sexa válida, conforme ao procedemento que se establece nas presentes normas.
4. Unha vez finalizado o prazo de pre-inscrición exporase no Taboleiro e na web-EMAO a relación definitiva de admitidos, clasificados por especialidades e cursos.
5. Nas especialidades de Debuxo artístico, Pintura, Ourivaría, Moda e confección e Serigrafía artística poderá haber retraso nas datas previstas de probas de acceso (agás Pintura e Debuxo nas que se accede por sorteo) e, en todas elas, nas de comezo de curso por mor da coincidencia coa realización de procesos selectivos de acceso do profesorado. Se é o caso, serán oportunamente notificadas as persoas preinscricións.

##### 2. Matrícula

1. As persoas finalmente seleccionadas deberán obrigatoriamente para seren admitidas, formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Oficina administrativa do impreso oficial que se poderá recoller na mesma. Con este impreso deberán aportar copia do DNI ou Pasaporte.
2. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e, consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados do sorteo ou probas de acceso (se é o caso).



## 2. ALUMNADO PROCEDENTE DE CURSOS ANTERIORES

1. Os listados de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2019-2020, serán publicados no taboleiro de anuncios da Escola. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para o curso 2019-2020.
2. No caso da especialidade de Serigrafía artística, o alumnado matriculado no curso 2018-19 (curso que non se realizou na súa totalidade por baixa da mestra titular) poderá optar a repetir no mesmo nivel no que estaba matriculado. En todo caso, para poder cursar de novo no curso 2019-20, deberá remitir solicitude expresa de matrícula mediante correo electrónico dirixido a [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org) co asunto "Solicitude de confirmación de matrícula Serigrafía" indicando o nivel no que estaba matriculado/a en 2018-19. O correo deberá ser recibido antes do remate do período xeral de preinscrición indicado na presente convocatoria.
3. Nas especialidades de Debuxo artístico, Pintura, Ourivaría, Moda e confección e Serigrafía artística poderá haber modificación na data de comezo de curso. Se é o caso, será oportunamente notificado aos/ás matriculados/as.

## B. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA. ACCESO POR CONVALIDACIÓN A CURSOS SUPERIORES

O apartado 3.3.2.2. da Normativa do Plan de Estudos da Escola (PEEMAO15), indica o seguinte:

**Convalidación de nivel extraordinaria:** *de xeito excepcional poderán os alumnos (tanto de novo ingreso como matriculados) solicitar a convalidación dun nivel completo dunha especialidade. Para poder optar a esta posibilidade deberá o interesado presentar unha solicitude motivada na que amose que posúe os coñecementos, aptitude e experiencia abonda para saltar un nivel. A solicitude será resolta pola dirección do Centro previo informe do mestre da especialidade e da xefatura de estudos.*

*Se é o caso, poderá esixirse unha proba práctica previa. Esta posibilidade está condicionada á existencia de vacantes no curso que se solicite. En cada convocatoria anual estableceranse, se é o caso, as normas específicas para esta solicitude de convalidación.*

En relación con esta norma e no caso de existencia de prazas vacantes nos niveis Medio e Superior e Perfeccionamento I e II nas distintas especialidades, realizarase unha convocatoria extraordinaria para alumnado de novo ingreso, de xeito que persoas que acrediten competencia abonda poidan acceder a estes cursos sen ter que cursar os precedentes previstos no Plan de Estudos (PEEMAO15).

**Esta convocatoria, coas súas normas específicas, realizarase, se é o caso, no mes de outubro de 2019, unha vez avaliadas as prazas dispoñibles en cursos superiores.**

## C. PRAZOS

**Ata a 6 de setembro:** Preinscrición alumnado de novo ingreso (só internet)

**Ata ao 31 de xullo e de 2 a 6 de setembro:** Preinscrición alumnado de novo ingreso (presencial e internet)

**28 de xuño:** Listado de alumnado apto no curso 2018-2019

**11 de setembro:**

- Publicación listados solicitantes novo ingreso.
- Listados provisionais de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2019-2020.

**16 de setembro:** sorteo para inscrición de alumnado de novo ingreso (só especialidades de



Pintura, Debuxo artístico ) ás 12 h. da mañá na Biblioteca da EMAO.

**16-20 setembro:** Celebración das probas de acceso, no/s día/s concretos que publicamente se indiquen nos primeiros día de setembro.

**23 de setembro:**

- Listas de admitidos de novo ingreso despois do sorteo e probas de acceso
- Listas definitivas de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2019-2020. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para este curso.

**24-27 de setembro:** Matrícula alumnado de novo ingreso.

De 10,00 a 13,00 e 16,00 a 20,00 horas.

**30 de setembro :** Horario de mañá de 08,00 ata as 14,00 horas.

**1 de outubro**

- Comezo do curso

A matriculación na EMAO implica a aceptación plena dos programas, horarios e Normativa que rexen a actividade da Escola.

## D. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

**Lugar:** Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5.

**Horario:** de 10 h. a 14 h., laborables de luns a venres (agosto, pechado).

**Información:**

- ✓ Web Escolas municipais: [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org).
- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>.
- ✓ Correo electrónico: [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org)
- ✓ Tfno.: 986228088.

## E. SORTEO ALUMNADO DE NOVO INGRESO

**(Só especialidades de Pintura e Debuxo artístico )**

1. No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, farase un sorteo público que se rexerá conforme ao seguinte:
2. Terá carácter público e será presidido por unha mesa composta por:
  - x Xefa do Servizo de Educación ou persoa na que delegue.
  - x Secretario/a Xeral do Concello, ou persoa na que delegue.
  - x Un funcionario adscrito á Unidade Administrativa da EMAO, nomeado pola Xefa de Servizo de Educación.
3. O sorteo celebrarase mediante sistema aleatorio informático. Farase un sorteo por cada unha das especialidades.
4. O/a Secretario/a levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web-EMAO.
5. Os listados do sorteo serán, a todos os efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo do primeiro trimestre do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

## F. REQUISITOS DAS SOLICITUDES E SOLICITANTES

1. Só se poderá presentar un impreso de solicitude por persoa.
2. Poderá solicitarse a preinscrición, como máximo, en dúas especialidades das ofertadas.
  - Esta posibilidade figurará no apartado correspondente do impreso único de preinscrición, sen que supoña orde de preferencia.
  - De resultar seleccionado/a en máis de unha especialidade, ben como resultado do sorteo/proba, ben como consecuencia da existencia dun maior número de prazas que de solicitantes, só poderá matricularse nunha delas.



- A matrícula nunha especialidade supón a eliminación automática nas listas de agarda das outras especialidades solicitadas.
- 3. O alumnado procedente do curso 2018-2019, matriculado no nivel que lle corresponda no curso 2019-2020, non pode facer solicitude de preinscrición noutra nova especialidade.
- 4. Serán nulas aquelas solicitudes de preinscrición que non cumpran o sinalado nos apartados 1, 2 e 3 precedentes ou que incumpran o apartado 3 da Normativa do Plan de Estudos (PEEMAO2015) [[http://hoxe.vigo.org/pdf/educacion/ema/ema/ema\\_plan\\_estudios\\_arq3.pdf](http://hoxe.vigo.org/pdf/educacion/ema/ema/ema_plan_estudios_arq3.pdf)]; en consecuencia, non poderán ser, en ningún caso, seleccionadas.
- 5. En caso de non existir prazas abondo para o número de solicitantes, terán preferencia absoluta aqueles empadroados no Concello de Vigo.
- 6. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do Plan de Estudos 2015 (PEEMAO2015), aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015), e as modificacións correspondentes aprobadas pola Xunta Reitora e a Xunta de Goberno Local e demais normas de funcionamento vixentes.
- 7. No non disposto nesta convocatoria, estarase ao que dispoña o PEEMAO2015 e á legalidade vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas, así como ás normas que emita a dirección do Centro e que se farán públicas en cada momento no Taboleiro e web-EMAO.

## G. PRAZAS DE NOVO INGRESO QUE SE OFERTAN CURSO 2019-20

Especialidades	Horario tarde	Prazas	Horario mañá	Prazas
Pintura	Básico	20	Iniciación	20
Debuxo artístico	Básico	20	Iniciación	20
Talla e escultura en madeira	Básico	15	Iniciación	15
Ourivaría	Básico	15	Iniciación	15
Artesanía en coiro	Básico	18	Iniciación	18
Deseño e encaixe de palillos	Básico Extraordinario**	15 10		
Moda e confección	Básico Extraordinario A* Extraordinario B*	18 15 15	Iniciación	18
Construcción Artesanal Instrumentos Musicais (CAIM): Zanfona	Básico	8	Iniciación	4
Construcción Artesanal Instrumentos Musicais (CAIM): Gaita	Básico	8		
Cerámica artística	Básico	14		
Encadernación	Básico	15	Iniciación	8
Serigrafía artística	Básico	0		

\* Os Cursos Extraordinarios (A e B) de Deseño de Moda e Confección teñen unha duración de un curso (175 horas cada un) en horario de martes ou xoves de 16:00 a 21:00 horas. Antes de realizar a inscrición neles, véxase os requisitos de acceso, as súas características e programas no Anexo II da presente convocatoria.

\*\* O Curso Extraordinario de Deseño e encaixe de palillos ten unha duración de un curso escolar, os venres en horario de 16:00 a 19:00 horas



## H. CALENDARIO ESCOLAR

**Comezo curso:** 1 de outubro 2019.

**Remate:** 30 de xuño 2020

**Días non lectivos:** no que non sexa contradictorio coas datas de inicio e fin de curso da EMAO sinaladas, aqueles recollidos no calendario Escolar oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, agás os correspondentes ás vacacións do Entroido, que serán lectivos na EMAO. Ao comezo do curso informárase dos dous días discrecionais a maiores que, se é o caso, serán non lectivos por festa local.

## H) MATERIAS COMPLEMENTARIAS

Agás nos cursos que se desenvolven en horario de mañá, para o alumnado matriculado en horario de tarde, será obrigatorio cursar as materias complementarias que, se é o caso, figuren para cada especialidade e nivel no horario oficial para o curso 2019-2020.

## I) HORARIOS ALUMNADO:

Véxase ANEXO I desta convocatoria.

### INFORMACIÓN E ADMINISTRACIÓN

Unidade Administrativa da EMAO.

EMAO. Avda García Barbón, 5 – 36201 VIGO.

de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas (agosto pechado)

Teléfono: 986228088.

Correo-e: [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org)

Internet: [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org) e <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7.php>

---

Á vista do texto da Convocatoria que antecede, **PROPONSE** á Concelleira-Delegada de Educación, acordar o seguinte:

**Aprobar a convocatoria do curso 2019-2020 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.**

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

O TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

Asdo. Rafael Ojea Pérez

Conforme,

A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

Asdo.- M<sup>a</sup> José Loureiro Bada

### DECRETO

Visto o informe-proposta que antecede

### RESOLVO

Aprobar a convocatoria do curso 2019-2020 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E XUVENTUDE

Asdo.- Gorka Gómez Díaz



## ANEXO I . CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2019-20 HORARIOS

### PINTURA

Nº alumnos máximo especialidade: 110

Nº alumnos máximo por grupo: 20

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h) e non teñen complementarias.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-18,30	Superior A	Medio	Superior A	Medio	16,00-18,00 Titoría/Avanzado
18,30-21,00	Básico	Superior B	Básico	Superior B	

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.

A **Historia da Pintura** para o nivel Medio terá lugar só durante o 2º trimestre na primeira hora e media de cada clase.

### DEBUXO ARTÍSTICO

Nº alumnos máximo especialidade: 110

Nº alumnos máximo por grupo: 20

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-18,30	Básico	Medio	Básico	Medio	16,00-18,00 Titoría/ Avanzado
18,30-21,00	Superior A	Superior B	Superior A	Superior	

A **Historia do Debuxo** para o nivel Medio terá lugar só durante o 2º trimestre, na primeira hora e media de cada clase.

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.



## TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA

Nº alumnos máximo especialidade: 55

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia da Arte (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-18,00 Titoría/Avanzado

A **Historia da Escultura e talla en madeira** para o nivel Superior terá lugar só durante o 2º trimestre, e será impartida polo profesor/a da materia na primeira hora e media de cada sesión lectiva.

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade.

## OUIVARÍA

Nº alumnos máximo da especialidade: 55

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Curso extraordinario: un ano, 350 horas

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-18,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade.

A **Historia** para o nivel Superior terá lugar só durante o 2º trimestre, e será impartida polo profesor/a da materia na primeira hora e media de cada sesión lectiva.





## ARTESANÍA EN COIRO

Nº alumnos máximo especialidade: 64

Nº alumnos máximo por grupo: 18

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Curso extraordinario: un ano, 350 horas

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00					Iniciación
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-18,00 Titoría/ Avanzado

A complementaria de **Historia** terá lugar durante o 2º trimestre, e será impartida polo profesor/a da materia na primeira hora e media de cada sesión lectiva.

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

## DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS

Nº alumnos máximo especialidade: 55

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Perfeccionamento II		Perfeccionamento II	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-19,00 Curso extraordinario

A complementaria de **Historia** terá lugar durante o 2º trimestre, e será impartida polo profesor/a da materia na primeira hora e media de cada sesión lectiva.

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre





## MODA E CONFECCIÓN

Nº alumnos máximo especialidade: 64

Nº alumnos máximo por grupo: 18

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Extraordinario A	Básico	Extraordinario B	16,00-18,00 Titoría/ Avanzado

A complementaria de **Historia** terá lugar durante o 2º trimestre, e será impartida polo profesor/a da materia na primeira hora e media de cada sesión lectiva.

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

## CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): ZANFONA

Nº alumnos especialidade: 28

Nº alumnos por grupo: 8

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículo normal: 735; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

**Complementarias Básico:** Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (30h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementarias Superior:** Técnica instrumental (35h)

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento I / Iniciación
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-18,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Historia para CAIM Básico indicárase ao comezo do curso.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

**O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00 a 17:00 Técnica Instrumental.**



## CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): GAITA

Nº alumnos especialidade: 28

Nº alumnos por grupo: 8

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículo normal: 735; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

**Complementarias Básico:** Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (35h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementaria Superior:** Técnica instrumental (35h)

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento I
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-18,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Historia para CAIM Básico indicárase ao comezo do curso.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

**O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00h. a 17:00 h. Técnica Instrumental.**

## CERÁMICA ARTÍSTICA

Nº alumnos especialidade: 38

Nº alumnos máximo por grupo: 14

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, máis 90 de complementarias, total currículo normal: 790h; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 860h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Cerámica (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Superior: Baleirado (30h), Serigrafía Cerámica (30h).

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-18,00 Titoría/Avanzado 18,00-21,00 Baleirado** Serigrafía Cerámica***

Durante o **segundo trimestre**, o alumnado do nivel Básico terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Historia da Cerámica** que impartirá o mestre titular da especialidade.

(\*) O horario de **Debuxo técnico** para o nivel Básico indicárase ao comezo do curso

(\*\*) Durante o **primeiro trimestre**, os venres, de 18,00 a 21 impartirase a complementaria de **Baleirado** para o alumnado do nivel Superior.

(\*\*\*) Durante o **segundo trimestre**, os venres, de 18,00 a 21 impartirase a complementaria de **Serigrafía Cerámica** para o alumnado do nivel Superior.



## ENCADERNACIÓN ARTÍSTICA

Nº alumnos especialidade: 55

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Encadernación (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento II / Iniciación
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-18,00 Titoría/Avanzado

\*Todo o alumnado repite curso.

Durante o **segundo trimestre**, o alumnado do nivel Básico terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Historia da Encadernación** que impartirá o mestre titular da especialidade.

O horario de **Debuxo técnico** para o nivel Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

## SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

Nº alumnos especialidade: 55

Nº alumnos por grupo: 15

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Serigrafía (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento II
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-18,00 Titoría/Avanzado

Durante o **segundo trimestre**, o alumnado do **nivel Básico** terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Historia da Serigrafía**, que impartirá o mestre titular da especialidade.

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado do **nivel Básico** terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo**, que impartirá o mestre titular da especialidade.

## ANEXO II . CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2019-20 CONVOCATORIA CURSOS EXTRAORDINARIOS DE MODA E CONFECCIÓN E DE DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS

### MODA E CONFECCIÓN

#### "Drapeados e Lenzaría"

De xeito excepcional, no curso 2019-2020 prográmanse **dous cursos** (A e B) intensivos de un ano de duración (175 horas cada un) coas características que se citan deseguido. Os dous cursos teñen exacta duración e contido.

**Denominación:** Drapeados e Lenzaría

**Duración:** do 1 de outubro de 2019 ao 30 de xuño de 2020

**Horario:** martes ou xoves de 16:00 a 21:00 horas

**Nº máximo de participantes:** 15 en cada curso

**Destinatarios/as:** persoas con coñecementos e/ou experiencia previa en patronaxe e costura. Se o número de persoas preinscristas supera o número de prazas ofertadas, realizarase unha proba de acceso específica de selección que demostre o nivel necesario para acceder.

#### Preinscrición:

- Igual e cos mesmos prazos recollidos na convocatoria xeral do curso 2019-2020 na EMAO.
- Deberá presentar, a maiores, currículo e documentación acreditativa da capacitación alegada en relación co perfil de destinatario indicado. Esta documentación presentarse, antes do remate do prazo de preinscrición, presencialmente na Oficina Administrativa da EMAO e se incorporará, se é o caso, á preinscrición online.
- Non poderán acceder a este curso persoas que se matriculen na EMAO no curso 2019-2020 en calquera das súas especialidades e niveis.

#### Obxectivo:

Aplicación de coñecementos relativos ao patronaxe, costura e acabados de diferentes materiais textís. Este curso desenvolve e amplía os obxectivos e contidos nesta materia que se inclúen na programación dos cursos ordinarios da especialidade na EMAO.

#### Contidos e temporalización:

1º Trimestre (60 horas):

- Pezas de punto: (teórico práctico)
  - Estructura e cualidades dos tecidos de punto
  - Patronaxe e corte dos tecidos de punto
  - Identificación, utilidades e manexo da maquinaria especial
  - Deseño, patronaxe e confección dunha peza de punto
- Pezas con pregaduras: (teórico práctico)
  - Cualidades dos tecidos para formar pregaduras
  - Patronaxe de pregaduras
  - Modelaxe de pregaduras sobre maniquí
  - Deseño, patronaxe e confección dunha peza con pregaduras

2º Trimestre (65 horas):

- Lenzaría: (teórico práctico)
  - Materiais téxtis en lenzaría
  - Patronaxe de corsés e traxes de baño
  - Deseño, patronaxe e confección dunha peza de lenzaría
- Chaqueta xastre (práctico)
  - Deseño, patronaxe e confección de chaqueta xastre
  - Teas, forros, entreteas, e guatas
  - Acabados petos e aberturas

3º Trimestre (60 horas):

- A moda no século XX ( teórico)
  - Historia dos deseñadores
  - Siluetas e tendencias do S. XX
- A construción de tecidos no tear (teórico-práctico)
  - Tipos de teares artesanais e funcionamento
  - Elaboración de tecidos con diferentes ligamentos
  - Deseño e realización de tecidos

Material:

Material de debuxo, costura e tecidos a aportar polo alumno. Maquinaria, fíos e outros materiais son os xa existentes no obradoiro de Moda e Confección.

Avaliación:

A avaliación farase valorando as pezas realizadas polo alumnado dentro da temática correspondente, a coherencia , o bo asentamento da peza e o acabado. Valorarase con Apto ou Non Apto.

## **DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS**

### **"De Cluny a contemporáneo"**

De xeito excepcional, no curso 2019-2020 prográmanse un curso intensivo de un ano de duración coas características que se citan deseguido.

**Denominación:** De Cluny a contemporáneo

**Duración:** do 1 de outubro de 2019 ao 30 de xuño de 2020 (102 horas)

**Horario:** venres de 16:00 a 19:00 horas

**Nº máximo de participantes:** 10

**Destinatarios/as:** persoas con coñecementos e/ou experiencia previa en encaixe de palillos. Se o número de persoas preinscristas supera o número de prazas ofertadas, realizarase unha proba de acceso específica de selección que demostre o nivel necesario para acceder.

Preinscrición:

- Igual e cos mesmos prazos recollidos na convocatoria xeral do curso 2019-2020 na EMAO.
- Deberá presentar, a maiores, currículum e documentación acreditativa da capacitación alegada en relación co perfil de destinatario indicado. Esta documentación presentarse, antes do remate do prazo de preinscrición, presencialmente na Oficina Administrativa da EMAO e se incorporará, se é o caso, á preinscrición online.
- Non poderán acceder a este curso persoas que se matriculen na EMAO no curso 2019-2020 en calquera das súas especialidades e niveis.



### Obxectivos xerais:

- Mellorar a realización e comprensión da técnica tipo Cluny e encaixe xeométrico.
- Elevar a calidade do encaixe Tipo Cluny, xa que como parte da tradición galega ten unha importancia alta na realización deste tipo de tecido.
- Comprender os deseños tradicionais galegos tipo Cluny, para a posible transformación a encaixe contemporáneo galego, sempre partindo da base do encaixe tipo Cluny.

### Obxectivos específicos:

- Elaborar mínimo tres proxectos donde quede constancia da técnica tipo Cluny.
- Desenvolver un deseño tradicional e pasalo a técnica de deseño contemporáneo.

### Contidos:

- Analisar e identificar distintos deseños tradicionais galegos tipo Cluny e comparalos con distintos encaixes europeos realizados coa mesma técnica.
- Coñecer as referencias europeas do encaixe tipo Cluny para coñecer a nosa tradición.
- Deseñar un encaixe tipo Cluny propio tendo en conta a análise realizada con anterioridade.
- Deseñar un encaixe coas referencias da técnica do Cluny e do encaixe xeométrico, con novas propostas contemporáneas.
- Empregar materiais correctos no deseño tradicional e empregar materiais non correspondentes a tradición, facendo unha comparativa entre materiais e deseño.

### Avaliación:

- Realizar e deseñar un encaixe contemporáneo que teña como base e referencia o encaixe tipo Cluny.